



ORDENANZA FISCAL Número 17

REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MERCADORIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

Artigo 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, escombros, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con ocasión da súa ocupación con mercancías, materiais de construción, escombros, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

Artigo 3º: SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a favor de quen se otorguen as licencias, ou quen se beneficien do aproveitamento, se procedeuse sen a oportuna autorización.

Artigo 4º: -RESPONSABLES

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- COTA

A cota tributaria determinarase por aplicación das Tarifas seguintes:

EPÍGRAFE

Tarifa primeira:

Ocupación con materiais de construción:

1) Ocupación da vía pública ou terreos de uso público, con escombros, materiais de construción, vagóns para recollida ou depósito dos mesmos, camións de mudanzas, camións-grúa e outros aproveitamentos análogos: por m2 ou fracción, ao día: 0'39 €



Tarifa segunda:

Valados, puntais, asnillas, andamios, etc..

1) Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con valados, caixóns de cerramentos, sexan ou non para obras, grúas, plataformas elevadoras, casetas de obra, casetas de venda e outras instalacións análogas: por m2 ou fracción, ao mes: 2,92 €

2) Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con puntais, asnillas, andamios e outros elementos análogos: por cada elemento e mes: 0'79 €

Tarifa terceira:

Ocupación vía pública con materiais diversos de exposición e venta: por cada m2 e trimestre: 13,12 €

Tarifa cuarta:

Con carácter mínimo e sempre que por aplicación das tarifas anteriores non se alcance dito importe, esixiranse: 43,71 €.

Artigo 6º.- NORMAS DE XESTION

1.- De conformidade co previsto no artigo 24.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza producíranse danos no pavimento ou instalacións da vía pública, os beneficiarios viran suxeitos ao reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales danos ou reparar os danos causados, que serán, en todo caso, independentes das autoliquidacións que se practiquen polos aproveitamentos realizados.

2.- As cantidades esixibles con arreglo á Tarifa autoliquidaranse por cada aproveitamento solicitado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos Epígrafes.

3.- As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar a correspondente licenza, acompañando o xustificante de tere autoliquidada a taxa, tendo a autoliquidación o carácter de provisional e estando suxeita á posterior comprobación administrativa.

4.- No caso de aproveitamentos realizados sen licenza, practicarase polo Departamento de Xestión Tributaria liquidación da Taxa, unha vez téñase constancia da realización do feito impositivo, que deberá ingresarse nos prazos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 7º (No existe)

Artigo 8º.- DEVENGO

1.- Devégase a Taxa e nace a obrigação de contribuír:

a) Tratándose de concesións de aproveitamentos da vía pública solicitados polo suxeito pasivo, na data de solicitude da correspondente licenza.



b) Tratándose de aproveitamentos realizados sen licenza, no momento de iniciarse a ocupación a que se refire a Taxa.

2.- O pago da Taxa realizarase na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación ou Entidades Colaboradoras.

DISPOSICIÓN FINAL.-DERROGADA:

DILIXENCIA:

Contátase que a presente Ordenanza aprobouse provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro de 1.998.

Por Pleno de data 30 de xullo do 2008 modificaronse os artigos 1º, 3º, 4º, 5º, 6º e 8º e derogación da disposición final, publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 255 de data 5 de novembro do 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do mesmo no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do mesmo no BOP Nº 241 de data 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do mesmo no BOP Nº 3 de data 7 de xaneiro do 2014.

Por Pleno de data 26 de outubro do 2017 modificaronse os artigos 6º e 8º, publicándose os textos íntegros dos mesmos no BOP Nº 246 de data 29 de decembro do 2017.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do mesmo no BOP Nº 235 de data 11 de decembro do 2019.